

# PROGRAMA FORMATIVO DE CAPACITACIÓN XERENCIAL

Setembro - Outubro - Novembro 2022

## Introducción

O Clúster de la Biomasa de Galicia, en colaboración coa Asociación BIOECO2 e Cofinanciado pola Axencia Galega da Industria Forestal, deseñou este programa formativo cuxo obxectivo principal pasa por capacitar aos equipos directivos e de xestión das empresas do sector forestal-biomasa en temáticas de actualidade que melloren a competitividade das súas compañías, enfocándose no desenvolvemento e mellora de diferentes competencias e habilidades.

Grazas a este curso completo, os participantes poderán obter una visión estratéxica do sector e da contorna actual que rodea ao sector, conseguindo desenvolver e potenciar habilidades e competencias directivas e de liderazgo grazas aos docentes expertos nas diferentes temáticas.

## Destinatarios

Os destinatarios principais desta actividade son os directivos, responsables de xestión e xerentes dos principais departamentos das empresas do sector, con capacidade de toma de decisións.

Porén, sempre que os responsables das empresas interesadas o crean convinte, calquera traballador/a podería ser beneficiario da formación.

## Calendario

	MÉRCORES 21 set.	MIÉRCOLES 28 set.	MIÉRCOLES 5 out.	MARTES 11 out.	MÉRCORES 19 out.	MÉRCORES 26 out.	MÉRCORES 2 nov.
9:30-12:00	VISIÓN ESTRATÉXICA Prof: Víctor Rodríguez	HABILIDADES DIRECTIVAS- LIDERAZGO Prof: Víctor Rodríguez	INNOVACIÓN Prof: Alejandro López	PLANIFICACIÓN FINANCEIRA Prof: Iñaki Franco	FERRAMENTAS PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DA ÁREA DE MARKETING E COMERCIAL Prof: Gonzalo Garre	OMPETITIVIDADE E EFICIENCIA Prof: Marta Zaldúa	SEGUIMENTO E CONTROL KPIs Prof: Alejandro López
12:00-12:15	Break	Break	Break	Break	Break	Break	Break
12:15-14:00	VISIÓN ESTRATÉXICA Prof: Víctor Rodríguez	HABILIDADES DIRECTIVAS- LIDERAZGO Prof: Víctor Rodríguez	INNOVACIÓN Prof: Alejandro López	PLANIFICACIÓN FINANCEIRA Prof: Iñaki Franco	FERRAMENTAS PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DA ÁREA DE MARKETING E COMERCIAL Prof: Gonzalo Garre	OMPETITIVIDADE E EFICIENCIA Prof: Marta Zaldúa	SEGUIMENTO E CONTROL KPIs Prof: Alejandro López



## PROGRAMA FORMATIVO DE CAPACITACIÓN XERENCIAL

### Metodoloxía de traballo


O obxectivo principal do curso pasa por establecer unha comunidade de coñecemento arredor da industria forestal-biomasa para avanzar na innovación, o emprendemento e a internacionalización a través da capacitación dos equipos directivos das empresas do sector en temáticas de actualidade e habilidades e competencias que melloren a competitividade e a eficiencia das súas compañías.

A estrutura do programa deseñouse de tal forma que os participantes obteñan unha base teórica dos conceptos fundamentais relacionados cos distintos bloques da formación pero cun gran compoñente práctico para “aprender facendo” a través de exercicios prácticos en grupo e casos prácticos co apoio dos docentes expertos nas materias. Esta forma de traballo busca crear unha atmosfera aberta e participativa que maximice o aproveitamento do curso.

### Sistema de avaliación

Este programa non conta cun sistema de avaliación para os participantes, pero requírese una asistencia dun mínimo de 80% das sesión para dar por superado o curso.

Por este motivo, estableceranse sistemas de control de asistencia en cada unha das sesións co fin de garantir a asistencia mínima indicada.



## Contidos

### SESIÓN 1: VISIÓN ESTRATÉXICA




**DOCENTE:** Víctor Rodríguez Latorre

Enxeñeiro Industrial pola Universidade Carlos III de Madrid. Senior Manager en Kaizen Institute Western Europe cunha experiencia de máis de 10 anos en consultaría estratéxica e de xestión de procesos en empresas de diferentes sectores. Especializado nos campos de Planificación Estratéxica, Transformación Cultural das empresas, Liderazgo e coaching e Optimización de procesos.

**LUGAR:** Santiago | edificio Gaiás, sala OFF

**CONTIDOS:**

- Ferramentas de definición da estratexia (Strat Review)
- Despregamento da estratexia da compañía (Hosh in Deployment)
- Implementación de liñas estratéxicas (Breakthrough Priorities) a través de Eventos Kaizen
- Revisión da estratexia (Hosh in Review)
- Exercicios prácticos e casos de estudo



## PROGRAMA FORMATIVO DE CAPACITACIÓN XERENCIAL

### SESIÓN 2: HABILIDADES DIRECTIVAS - LIDERAZGO

**DOCENTE:** Víctor Rodríguez Latorre

**LUGAR:** Santiago | edificio Gaiás, sala OFF

**CONTIDOS:**

- Introducción Kaizen
- Conceptos de paradigma e resistencia ao cambio
- Principios Kaizen
- Como superar a resistencia ao cambio e crear unha cultura orientada á mellora a través do Kaizen Change Management
- Competencias e ferramentas de liderazgo
- Exercicios prácticos e casos de estudo

### SESIÓN 3: INNOVACIÓN



**DOCENTE:** Alejandro López Pereira


Enxeñeiro de Minas e Enerxía pola Universidade de Vigo e Máster en Innovación Industrial e Optimización de Procesos. Consultor Senior en Kaizen Institute Western Europe con ampla experiencia en optimización de procesos, liderazgo e xestión de equipos multidisciplinares.

Especializado nos campos de Optimización de procesos baseado na identificación de tarefas de valor engadido, liderazgo de proxectos, xestión e coordinación de equipos multidisciplinares enfocados na consecución de obxectivos estratéxicos e creación e definición de ferramentas e sistemas ad-hoc para a monitorización de KPIs.

**LUGAR:** Ourense | CIS Madeira

**CONTIDOS:**

- Concepto de investigación, desenvolvemento e innovación
- Retos e oportunidades no ámbito da innovación
- Principais conceptos, modelo e roadmap tipo da innovación
  - Breakthrough Ideation*
  - Lean Start-up*
  - Set-Based Engineering*
- Xestión diaria para equipos de innovación
- Exercicios prácticos e casos de estudo



## PROGRAMA FORMATIVO DE CAPACITACIÓN XERENCIAL

### SESIÓN 4: PLANIFICACIÓN FINANCIERA



**DOCENTE:** Iñaki Franco

Licenciado en Ciencias Empresariais, especializándose en Financiación, pola Universidade Complutense de Madrid. International Executive MBA no IESIDE.

Profesional cunha ampla experiencia na área de xestión financeira e de patrimonio, control e xestión de investimentos, dirección financeira-contable e xestión de compras e stocks.

Na actualidade é director de negocio de Sogapol, pertencente ao grupo industrial Valtalia, dedicado á xestión medioambiental integral en Galicia

**LUGAR:** Ourense | CIS Madeira

**CONTIDOS:**

- O ciclo de actividade da empresa e as súas necesidades de investimento e financiación
- A medición do risco global da empresa a través da análise de Balances
- A Conta de Resultados como medida da calidade da nosa xestión
- Principais ratios de xestión financeira. Comparando a conta de resultados e o balance
- Claves para mellorar a nosa capacidade de negociación financeira.

### SESIÓN 5: FERRAMENTAS PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DA ÁREA DE MARKETING E COMERCIAL



**DOCENTE:** Gonzalo Garre Rodas

Licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña e MBA pola Escola de Negocios Caixanova (IESIDE). Curso Avanzado en Xestión Comercial e Estratexia de Vendas polo IESIDE e Curso Especializado en Creative Entrepreneurship por KaosPilot.

Profesor especializado en Innovación, Transformación Dixital, Marketing Dixital, Design thinking, Community Management, Social Media e Ferramentas 2.0.

Dende 2018, CMO e COO da Startup financeira Livetopic, asumindo as responsabilidades de atracción, captación, conversión e fidelización de clientes por medio dos canais dixitais e presenciais e da comunicación dixital e posicionamento da marca en Social Media.

**LUGAR:** Santiago | edificio Gaiás, sala OFF

**CONTIDOS:**

- O Marketing non cambia... cambia a contorna e as ferramentas
- Contorna Dixital
- Estratexia e transformación dixital (Inbound Marketing, Buyer Persona Card, Customer Journey Map, Modelo AIDA, Funnel de Ventas)
- Ferramentas (Medios propios, medios pagados, medios ganados)
- Como crear unha máquina de vendas automatizada que consiga potenciais clientes.



## PROGRAMA FORMATIVO DE CAPACITACIÓN XERENCIAL

### SESIÓN 6: COMPETITIVIDADE E EFICIENCIA



**DOCENTE:** Marta Zaldúa Roias

Enxeñeira Industrial pola Universidade de Deusto e Máster en Enxeñería de Organización Industrial. Consultora Senior en Kaizen Institute Western Europe con ampla experiencia en xestión de equipos e ferramentas de competitividade e eficiencia para a optimización de procesos.

Especializado nos campos de Mellora continua baseada no método Kaizen a través da mellora da eficiencia, produtividade, calidade e seguridade dos procesos e xestión de equipos multidisciplinares.

**LUGAR:** Santiago | edificio Gaiás, sala OFF

**CONTIDOS:**

- Conceptos de valor para o cliente, eficacia e eficiencia
- Retos e oportunidades no ámbito da competitividade e da eficiencia. Situación actual das compañías asistentes
  - Modelo de Crecemento*
  - Modelo de Operacións*
  - Modelo de Cambio*
  - Modelo de Fundamentos*
  - Modelo Dixital*
- Profundización nas ferramentas aplicables
- Casos de estudo

### SESIÓN 7: SEGUIMIENTO E CONTROL DE KPIs



**DOCENTE:** Alejandro López Pereira

Enxeñeiro de Minas e Enerxía pola Universidade de Vigo e Máster en Innovación Industrial e Optimización de Procesos. Consultor Senior en Kaizen Institute Western Europe con ampla experiencia en optimización de procesos, liderazgo e xestión de equipos multidisciplinares.

Especializado nos campos de Optimización de procesos baseado na identificación de tarefas de valor engadido, liderazgo de proxectos, xestión e coordinación de equipos multidisciplinares enfocados na consecución de obxectivos estratéxicos e creación e definición de ferramentas e sistemas ad-hoc para a monitorización de KPIs.

**LUGAR:** Lugo

**CONTIDOS:**

- Definición de KPI
- Tipos de KPI segundo orientación, obxectivo e nivel de xestión
- Diferencia entre TTI e KPI
- Definición de KPIs de Negocio
- Extensión de KPI sal gamba
- Visualización de KPIs
- Exercicios prácticos

## PROGRAMA FORMATIVO DE CAPACITACIÓN XERENCIAL

### Máis información

[info@clusterbiomasa.gal](mailto:info@clusterbiomasa.gal)

Parque Tecnolóxico de Galicia. Tecnópole.

<https://clusterbiomasa.gal/>